



Concello de Muras (Lugo)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 25 DE FEBREIRO DE 2016.

Concelleiros asistentes:

D^a. Belén Chao Ramil
D. Carlos Carballés Penabad.
D. Mario Rouco Rey
D. José Danilo Requeijo Castro
D^a. Rosario Celia Rey López
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as vinte horas do día vinte e cinco de febreiro de dous mil dezaseis, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación Antonio López Vila, réunese o Pleno da Corporación en sesión ordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. Dáse conta da acta da sesión anterior realizada o día 18 de febreiro de 2016, da cal entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, e non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-la referida acta.

2.- AXUDAS ECONÓMICAS A FAMILIAS: MOCIÓN DO GRUPO POPULAR. Vista a moción presentada polo grupo municipal Popular relativa ao establecemento de liñas de axudas económicas ás familias do concello de Muras, en cuxa exposición de motivos aluden ao apoio e protección as familias como un dos principios reitores da actuación dos poderes públicos, mencionando o disposto no artigo 39.1 da Constitución Española e as previsións dun continuado decrecemento poboacional que sinalan un horizonte demográfico preocupante e o envellecemento da poboación cunha maior esperanza de vida.

Coa finalidade de facer fronte a este reto se están a poñer en marcha incentivos como programa de apoio a natalidade (PAN) pola Xunta de Galicia, e as institucións municipais tamén poden contribuír a fomentar a natalidade con medidas como axudas complementarias para gastos dun nacemento.

Por todo elo o grupo municipal Popular propón ao Pleno da Corporación os seguintes acordos:

1. Que o Concello de Muras estableza unha achega económica de 1.000 euros para aquelas familias dos nenos e nenas que nazan e se empadroen no concello, o fin de colaborar no financiamento dos gastos derivados da maternidade e paternidade. Para cobrar a devandita axuda, é preciso que ao menos un dos proxenitores estea empadroado no censo do concello dous anos antes de solicitala, así como tamén un ano despois, senón deberán devolver o importe da mesma.

2. Que o Concello de Muras estableza unha achega económica de 700 euros para aquelas familias que teñan fillos/as ao seu cargo entre 3 e 12 anos, que estean empadroados no concello e que cursen os seus estudos no CEIP "Antía Cal Vázquez"; 400 euros para aquelas familias que teñan fillos/as ao seu cargo entre 3 e 12 anos, que estean empadroados no concello, pero que cursen os seus estudos noutros colexios; 500 euros para aquelas familias que teñan fillos/as ao seu



Concello de Muras (Lugo)

cargo entre 13 e 16 anos, que estean empadroados no concello e que cursen ESO. Para cobrar esta axuda económica, un dos proxenitores e o/a neno/a teñen que estar empadroados neste concello dous anos antes de solicitar a devandita axuda. Unha vez cobrada, teñen a obriga de permanecer no censo do concello un ano, senón deberán devolver o importe da mesma.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Popular: o voceiro José Danilo Requeijo Castro manifesta que presentan a moción polos problemas que existen en Muras, a maioría son vellos e queren axudar a xente nova para que teñan familia, o concello que aporte as contías que reflicten na moción para estas axudas.

Polo grupo BNG: o Sr. Alcalde sorpréndelle que presentaran a moción e parécelle ben, pois mirando para atrás o descenso da poboación pasou de 1427 habitantes a 684, en 24 anos non presentaron ningunha moción neste sentidos, fala da falta de investimento en políticas sociais, deficiencias no colexio, incluso tiña goteiras, a caldeira non funcionaba, o polideportivo abandonado, non se asistía a reunións do Consello Escolar; este ano se incrementan as axudas para ANPA, becas e programas de axudas a familias, votarán a favor da proposta do PP sempre e cando se acepte engadir a seguinte proposta transaccional:

3. O cumprimento desta achegas económicas queda condicionado á devolución por parte da Xunta de Galicia da cantidade de 102.009 euros correspondentes ao "Plan de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015", cantidade que tivo que aboar o concello de Muras con fondos propios por un incumprimento das bases da convocatoria por parte do anterior goberno local do Partido Popular, e da que se extraerán as cantidades necesarias para aumentar as axudas aprobadas recentemente nos orzamentos municipais para este ano 2016.

4. Instar ao Alcalde-Presidente da Corporación para que traslade esta moción xunto cos acordos que procedan á Xunta de Galicia, á Deputación de Lugo, e a todos os concellos da provincia de Lugo, para que teñan en consideración e aproben as mesmas axudas nas súas respectivas administracións, co obxectivo de asentar a poboación no rural e aumentar a taxa do crecemento vexetativo.

Polo grupo mixto: o concelleiro do PSdG-PSOE Mario Rouco Rey está de acordo con esta proposta, estase a falar de gastos prioritarios e foi o primeiro ano que falon todos na aprobación dos orzamentos, alude aos programas de apoio a natalidade e asistencia social, considera que eses 102.000 euros son vitais e será axuda complementaria das da Xunta que ten a competencia, a xente ten que vivir aquí, con eses cartos se poderá ampliar, estimando que non se pode esixir 2+1 anos porque xa pasaría esta lexislatura polo que deben incluírse puntos coherentes, a día de hoxe cos orzamentos aprobados habería que axustar doutras partidas.

O Sr. Requeijo Castro indica que foi el quen dixo que o colexio estaba en mal estado, no relativo aos camiños xa lle deron facultade ao Alcalde para reclamar e falar con Agader, isto parécelle unha chantaxe, e o da pista polideportiva é independente. En canto ao empadroamento o pai ou a nai teñen que estar dous anos antes e logo un ano despois, senón poderían empadroarse hoxe para cobrar a subvención.

O Sr. Alcalde sinala que a directora do centro é a responsable e en varias ocasións expuxo as deficiencias pero o anterior alcalde non lle fixo caso; os camiños estaban certificados e díxose que rematadas pero non era certo, houbo reunións en Agader e vai obrigar a ir ao contencioso, son vosos compañeiros de partido, é un malgasto do PP e si o recuperades se dedica a edcación.

O Sr. Requeijo Castro considera que é lóxico que para as axudas vivan aquí e non acepta a emenda transaccional.



Concello de Muras (Lugo)

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con tres votos a favor dos membros do grupo popular e catro en contra dos membros do grupo BNB e do concelleiro do PSdG-PSOE no grupo Mixto, acorda rexeitar a moción presentada polo grupo Popular.

3.- EXPEDIENTE DESAFECTACIÓN LOCAL PARA PAI. Visto o expediente incoado para a desafectación dos espazos destinados na actualidade a ximnasio e comedor (deste, unha pequena parte) e 22 m² exteriores (achégase plano) do CEIP Antía Cal Vázquez para a habilitación dun PAI, dado que o Concello carece nestes momentos dun servizo que atenda á poboación infantil de 0 a 3 anos e que facilite a conciliación laboral das nais e pais dos mesmos, cos informes técnico e de Secretaria

Na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo BNG: a concelleira Belén Chao Ramil, da conta das xestións realizadas, previsións de usuarios e de posta en marcha do Punto de Atención a Infancia, así como, da necesidade de dito PAI neste concello para atender necesidades da poboación, igualmente informa do expediente de desafectación e os requisitos esixidos.

Polo grupo Popular: o voceiro José Danilo Requeijo Castro indica que xa aprobaron os orzamentos municipais e van a dicir que si porque hai que axudar o pobo e estiman que é necesario.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do PSdG-PSOE Mario Rouco Rey considera necesario dispoñer deste servizo e cambio nas políticas familiares para que a xente que ten que traballar teña os seu fillos aquí, e xa que o grupo popular vai colaborar que apoiem isto ante a Consellería de Educación.

O Sr. Alcalde opina que sería bo que axilizaran isto, o mesmo que xantar na casa que inda non hai contestación, si queremos revertir a situación é necesario que haxa colaboración entre as administracións e traballar en conxunto a beneficio dos veciños

Debatido o asunto o pleno da Corporación en votación ordinaria co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda:

1º. Iniciar o procedemento para a desafectación parcial do edificio do CEIP Antía Cal Vázquez de Muras, dos espazos destinados na actualidade a ximnasio e comedor (deste, unha pequena parte) e 22 m² exteriores, para a posterior habilitación dun PAI, para que ditos espazos deixen de estar destinados a centro escolar.

2º. Somete-lo presente acordo a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para que durante dito prazo poidan realizarse as alegacións que se estimen pertinentes.

PARTE DE CONTROL ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

4.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

a) Resolucións da Alcaldía. Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde o 28 de decembro, ata o 22 de febreiro de 2016.

b) Informes Alcaldía. Toma a palabra o Sr. Alcalde para informar da proposta sancionadora que achega a Instrutora do expediente sancionador ó concello de Muras, na que propónse unha multa por importe de 6.010,13 euros, por realizar traballos de construción dun refuxio de animais na parcela 106 do polígono 77, dentro da zona de especial conservación "Serra do Xistral", sen ser unha actividade autorizable de acordo co disposto no artigo 68.1.b) do Decreto 37/2014, do 27 de marzo.



Concello de Muras (Lugo)

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás vinte e unha horas, da cal estendo a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,

O Secretario,